

Comunicado nº 054/22

19 de Abril de 2022

### □ A REALIDADE, DO AUTOMOBILISMO DEPORTIVO DE GALICIA, HOXE:

- O Automobilismo Deportivo na Galicia xera unha riqueza no eido industrial, de restauración, de turismo, número de alta de empresas, escuderías, talleres especializados, e moitos postos de traballo que o fan indudablemente un sector estratéxico. O Automobilismo Galego con máis de sesenta anos as costas da realidade é que o deporte do automóbil constitúe unha industria que aumenta o PIB Galego.

- As Federacións Deportivas Galegas somos unha realidade tanxible, pese a quen lle pese, e non apoiadas na súa xusta medida polas diferentes administracións; debido ó evidente peso do deporte na nosa Comunidade que xera postos de traballo que o fan un sector estratéxico.

Así mesmo o tecido empresarial, creado polo Automobilismo Galego de competición, tenta mellorar a cualificación das persoas e dos equipos de traballo. A Federación Galega de Automobilismo ten o firme propósito de representar a tódalas partes que conforman a industria do Automobilismo Deportivo, e selo vínculo de unión coa Consellería de Economía, Empresa, e Innovación da Xunta de Galicia, como parte do conglomerado de empresas e escuderías asociadas á Federación Galega de Automobilismo.

Tamén estamos orfos, na debida e necesaria información, do coñecemento das vantaxes das directrices europeas, que poderían impulsar en sobremaneira a internacionalización do noso sector, co fin de acceder a subvencións, apoios loxísticos, e acceso a mercados internacionais ante a calidade dos nosos produtos (Carcross, etc.); en definitiva apoiar a implantación de empresas galegas relacionadas co motor, fomentar a cooperación transaccional, fomentala innovación e o noso desenvolvemento tecnolóxico con cooperación da Administración Autonómica na investigación e na apertura de novos mercados para a nosa industria.

Noutro eido estamos a esperar os incentivos e axudas da C.E.E. que ofrecen a todo bombo, pero que non chegan, e o tempo e as oportunidades pasan. As entidades privadas seguen a colaborar, facéndose imprescindibles para o desenrolo da nosa actividade, creando un tecido económico de financiamento das probas, dos equipos, e dos deportistas de Galicia.

Tamén colaboramos, con escasos recursos extras, en incrementar a actividade física e os hábitos saudables dos Galegos, con especial incidencia nos menores, a terceira idade e os grupos con necesidades de inclusión social.

O esforzo de moita xente, galegos e galegas, que traballan arreo altruísticamente fan da poboación da nosa Comunidade un exemplo a admirar e a seguir para conseguilos obxectivos desexados por todos e todas.

Desde a Federación Galega de Automobilismo entendemos que necesitamos máis axudas das diferentes administracións por necesaria para acadar, de bo xeito, os obxectivos que nos temos marcados nas últimas tempadas deportivas. Por iso, ó ser do noso interese, facemos este acto reivindicativo do Automobilismo Deportivo de Galicia.

**COMISIÓN EXECUTIVA DA  
FEDERACIÓN GALEGA DE AUTOMOBILISMO**